

KARL MARX TEXTO 1

PRESENTACIÓN DO TEXTO: Os *Manuscritos económico-filosóficos* de 1844 (tamén chamados "Cadernos de París") constitúen un primeiro esbozo da teoría crítica de Karl Marx. Nestes traballos aínda pode distinguirse a influencia da esquerda hegeliana no pensamento de Marx, polo cal se establece unha diferenza substancial do seu pensamento en relación co posterior desenvolvemento teórico que aparece no **Capital**; podémolo considerar a liña divisoria entre o mozo Marx (hegeliano) e o Marx maduro.

PRESENTACIÓN MARX: incluír por quen está influído aínda que sexa só nomear

TEMA DO TEXTO: A alienación no traballos

DESARROLLO:

Como empezar: falar da natureza do SH como un ser "facedor" cuxa esencia é facer cousas, modificar o entorno a través da súa acción; como con os seus actos externos crea realidade. Enlazar isto con que : "por tanto para Marx só existe realidade concreta transformada e individuos concretos que transforman ..." A cultura é transformación e creación de unha realidade concreta por un home concreto.

O texto:

- Que é alienación? De onde ven ese concepto?
- Por que se produce á alienación no traballo industrializado en cadea? O individuo non sinte o obxecto como propio, non é a exteriorización da súa esencia (L1 a 5)
- Este tipo de traballo fai que o individuo renuncie á súa esencia: traballar, facer cousas; evita o propio e quere facer o impropio da súa especie; é necesario vixialo. (l 5 a 10)
- Aquí é onde se produce a alienación, no "traballo alleo" (explicar que é) (l 10 a 13)
- Por que? A quen beneficia? Falar da economía capitalista como a gañadora da alienación no traballos
- Falar da alienación relixiosa (l 13 a 16) comparala con a alienación no traballo.

De que falar en algún momento se non faláchedes:

- De Feuerbach e do concepto de alienación
- Dos tipos de alienación
- Dos distintos tipos de economía e porque o capitalismo produce alienación
- Proposta do marxismo para liberarse dela (lembrar o lema Teoría & Praxes de Marx: non é suficiente facer a crítica hai que cambiar o mundo ...)

CONCLUSIÓNS: debe incluír seguidores ou outros pensadores aos que influíu + escenarios históricos ou sociais que propiciou